

ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2020/2021

1. NORMATIVA REGULADORA DA ADMISIÓN.

A normativa que rexe o proceso de admisión é a Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG, 15/03/2013), modificada pola Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG, 01/02/2017).

2. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN

O alumnado de 6º curso de Primaria que NON solicitou praza no centro adscrito de Educación Secundaria (IES Poeta Añón), deberá solicitar praza noutro centro que desexe entre o 1 e o 20 de marzo, entregando no centro que elixan o Anexo II da Orde anteriormente mencionada.

O alumnado, dende Educación Infantil ata 5º de Primaria, que este curso estívese matriculado no noso centro, ten reservada a praza polo dereito de permanencia no mesmo. Se decidisen solicitar praza noutro centro que non sexa este, deberán achegarnos unha copia da solicitude de admisión que entregue nese novo centro.

O prazo de presentación das solicitudes de admisión para alumnado de nova incorporación ó centro, abranguerá dende o día 1 ó 23 de marzo de 2020.

A solicitude de admisión (Anexo II- Procedemento ED550B) será única e poderase cumprimentar de forma electrónica na aplicación de admisión de alumnado da web <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>, ou descargarse e cumprimentarse de forma manual para presentar de forma presencial no centro educativo. Pódese descargar, e logo cumprimentar na Sede Electrónica da Xunta de Galicia. Tamén poderase descargar na web do centro, <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipoutes/>. Así mesmo, na secretaría do centro facilitarase unha instancia-solicitude ás persoas interesadas.

Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.
- Documento acreditativo do requisito de idade do/a alumno/a (DNI, Libro de familia,...)
- Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa (certificación académica).
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.

Toda a documentación deberá ser orixinal ou copia cotexada (bastará para iso co selo do centro).

A solicitude de admisión poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillos/as comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Nos demais casos requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

3. O alumnado admitido formalizará a matrícula na secretaría do centro do 20 ao 30 de xuño de 2020.

O luns 2 de marzo ás 17:00h as familias que así o desexen poden facer unha visita ao centro para coñecer as súas instalacións e funcionamento.

Outes, 17 de febreiro de 2020

A Directora.



Asdo. M^a de las Mercedes Cereijo Tuñas.